

## CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A ASOCIACIÓN AMIGOS DA ÓPERA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIAS

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

#### **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Cultura ten previsto formalizar coa Asociación Amigos da Ópera de Santiago de Compostela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

*Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Asociación Amigos da Ópera de Santiago de Compostela para a realización de actividades culturais.*

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

*De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrencia pública para a realización destas actividades polo limitado do xénero lírico na Comunidade Autónoma. Son poucas as actividades relacionadas co xénero lírico que se celebran no seo da Comunidade Autónoma e a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude colaborará no financiamento de todas as que se celebren. A Asociación Amigos da Ópera de Santiago posibilita a realización dunha ampla variedade de actividades culturais relacionada coa lírica.*

*Por todo o anterior é a Asociación Amigos da Ópera de Santiago a que posúe a especificidade como beneficiaria así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.*

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o



recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

